

XELA ARIAS CASTAÑO




LETRAS GALEGAS
17 DE MAIO DE 2021


SeminarioGalán.com

XELA ARIAS CASTAÑO

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



Adiós ríos, adiós fontes,
adiós regatos pequenos,
adiós vista dos meus ollos,
non sei cando nos veremos.

Miña terra, miña terra,
terra donde me eu criei,
hortiña que quero tanto,
figueiriña que prantei.

Prados, ríos, arboredas,
pinares que move o vento,
paxariños piadores,
casiña do meu contento.

...

ROSALÍA DE CASTRO

O DÍA DAS LETRAS GALEGAS FOI INSTITUÍDO POLA REAL ACADEMIA GALEGA NO ANO 1963 PARA CONMEMORAR O CENTENARIO DA PUBLICACIÓN DO LIBRO *CANTARES GALLEGOS* DE ROSALÍA DE CASTRO, O 17 DE MAIO DE 1863.

XELA ARIAS CASTAÑO

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



FONTE: ARQUIVO FAMILIAR

XELA ARIAS CASTAÑO

A REAL ACADEMIA GALEGA DEDÍCALLE O DÍA DAS LETRAS A XELA ARIAS CASTAÑO, UNHA DAS VOCES MÁIS DESTACADAS DA POESÍA GALEGA CONTEMPORÁNEA. FIXO TAMÉN UN IMPORTANTE LABOR COMO EDITORA E TRADUTORA XA QUE VERTEU AO GALEGO MOITOS CLÁSICOS DA LITERATURA UNIVERSAL.

1

Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

SeminarioGalán.org

LETRAS GALEGAS 2021


GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



XELA ARIAS NACEU O 4 DE MARZO DE 1962, E FOI INSCRITA NO REXISTRO CIVIL DE SARRIA (LUGO). ERA A PRIMOXÉNITA DE AMPARO E VALENTÍN. PUXÉRONLLE O NOME DE MARÍA DE LOS ÁNGELES, POIS DAQUELA NON SE PERMITÍAN OS NOMES EN GALEGO, PERO TODOS LLE CHAMABAN XELA.

XELA ARIAS CASTAÑO

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



A ETAPA DO PARVULARIO E 1º DE PRIMARIA PASOUNA XELA NO COLEXIO FINGOI DE LUGO, UN CENTRO DE ENSINO PRIVADO DO QUE FORA DIRECTOR RICARDO CARVALHO CALERO E CARACTERIZADO POLAS INNOVACIÓNS PEDAGÓXICAS.

3

Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

SeminarioGalán.org

LETRAS GALEGAS 2021

XELA ARIAS CASTAÑO

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



EN 1969, SEU PAI, QUE ERA MESTRE, FOI TRASLADADO A VIGO. NESTA CIDADE XELA REMATARÁ OS ESTUDOS DE PRIMARIA NO COLEXIO DE SÁRDOMA-MOLEDO E OS DE BACHARELATO NO INSTITUTO CASTELAO.

4


XELA ARIAS CASTAÑO

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



EN 1973, CON 11 ANOS, GAÑO O PRIMEIRO PREMIO DE CONTOS INFANTÍS DA ASOCIACIÓN CULTURAL CORUÑESA O FACHO. O CONTO TITULÁBASE «A FRAGA DOS PAXAROS VOADORES E A FRAGA LEOPARDICIA».

5



A FRAGA DOS PAXAROS FALADORES E A FRAGA LEOPARDICIA

Hai xa certa cantidade de anos, non sei cantos, estaba eu na miña casa de Xemil e tiven unha idea: ir viaxar e explorar o mundo.

Pois ben, comecei a facer as maletas recollendo todos os meus trebellos. Metín as maletas e blusas no ascensor e baixei. Abrín o coche, e a correr. Ía a 200 por hora.

Ese coche meu é un «Leopardo a reacción» que inventaron uns científicos amigos meus. Que, por certo, me dixeron que puxera anuncios e dixera ás xentes que no seu laboratorio teñen unha menciña que o que a tome durará millóns e millóns de anos. Este laboratorio está na rúa Saturno, número 20, piso 100.000...



O CONTO «A FRAGA DOS PAXAROS FALADORES E A FRAGA LEOPARDICIA» FOI PUBLICADO EN LA VOZ DE GALICIA, CON ILUSTRACIÓNS DE MANOLO E PAULO, FILLOS DE MANUEL CAAMAÑO, PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN CULTURAL O FACHO.


XELA ARIAS CASTAÑO

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



AO REMATAR O BACHARELATO, COMO SE EXPRESABA MOI BEN EN GALEGO, COMEZOU A TRABALLAR EN EDICIÓNS XERAIS. NESTA EDITORIAL TRABALLOU NA SECCIÓN DE CREACIÓN E INVESTIGACIÓN. ADEMAIS FOI CORRECTORA DE ESTILO E EDITORA DE VARIAS COLECCIÓNS.

7




SeminarioGalán.org

LETRAS GALEGAS 2021



O GATO GAIADO E A ANDORIÑA SEÑÁ: UNHA HISTORIA DE AMOR


Capítulo inicial, atrasado e fóra de lugar



ANDORIÑA SEÑÁ, amais de bela, era un pouco tola. Toliña, quédalle mellor. A pesar de frecuentar aínda a escola dos paxaros -onde o papagaio ditaba a cátedra de relixión- era tan novo que os respectables pais non a deixaban saír á noite soíña cos seus admiradores; mais xa estaba metida a independente, fachendeando de manter boas relacións con toda a xente do parque. Amiga das flores e das árbores, dos parrulos e das galiñas, dos cans e das pedras, dos pombos e do lago. Con todos ela conversaba, cun airiño de suficiencia, sen se decatarse das paixóns que ía espallando ao seu redor.



EN 1986 XERAIS PUBLICOU O CONTO O GATO GAIADO E A ANDORIÑA SEÑÁ: UNHA HISTORIA DE AMOR, DO PORTUGUÉS JORGE AMADO, TRADUCIDO POR XELA ARIAS AO GALEGO.



GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com

A INVENTAR NÚMEROS

- Inventamos números?
 - Inventamos. Comezo eu. Case que un, case que dous, case que tres, case que catro, case que cinco, case que seis.
 - E moi pouco. escoita estes: un remillón de billóns, un caldeiro de milleiros, unha inmensidade e un inmensidón.
 - Eu, xa que logo, invento unha táboa:
tres por un, Trento e Verdún
tres por dous, chalanas e bous
tres por tres, leite con café
tres por catro, todo era grato
tres por cinco, subir dun brinco
- tres por seis, amarrar os reis
tres por sete, dálle un moquete
tres por oito, visto e resolto
tres por nove, xa nada se move
tres por dez, volve outra vez.




EN 1986 EDITORIAL JUVENTUD DE BARCELONA PUBLICA O LIBRO *CONTOS AO TELÉFONO*, DO ITALIANO GIANNI RODARI, QUE FOI TRADUCIDO POR XELA EN COLABORACIÓN CO SEU PAI, VALENTÍN ARIAS.


XELA ARIAS CASTAÑO

10

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



FOI SEMPRE MOI ACTIVA NA DEFENSA DAS CAUSAS POPULARES. PARTICIPOU EN ACTOS CONTRA A ENTRADA DE ESPAÑA NA OTAN, MANIFESTOUSE CONTRA A MAREA NEGRA DO PRESTIGE, CONTRA A GUERRA DE IRAQ, A FAVOR DA NORMALIZACIÓN DO IDIOMA GALEGO E DAS CAUSAS FEMINISTAS.



SeminarioGalán.org

LETRAS GALEGAS 2021



AS BRUXAS

IMOS TRABALLAR

Aquela noite a miña avoa ceou nada máis unha tortilla cunha rebanda de pan. Eu ceei un cacho dese queixo noruego moreno de leite de cabra que se chama *gietost*, que xa me gustaba mesmo cando era un neno. Comemos diante do lume, a miña avoa na súa butaca e eu riba da mesa, co meu queixo nun pratiño.


-Avoa -dixen-, agora que xa nos desfixemos da Gran Bruxa, desaparecerán gradualmente todas as demais bruxas do mundo?

-Estou segura de que non -contestoume.


Parei de mastigar e olleina.

-Pero teñen que desaparecer! -berrei-. Seguro que si!

EN 1989 EDICIÓNS XERAIS, NA SÚA COLECCIÓN XABARÍN, PUBLICA O CONTO *AS BRUXAS*, DO BRITÁNICO ROHALD DAHL, TRADUCIDO AO GALEGO POR XELA E LIDIA IGLESIAS IZQUIERDO.



EN 1990 XUNTANZA EDITORIAL DA CORUÑA PUBLICA O ENXEÑOSO FIDALGO DON QUIXOTE DA MANCHA, DE MIGUEL DE CERVANTES, TRADUCIDO AO GALEGO, XUNTO CON OUTROS, POR XELA.



NO CURSO 91-92 COMEZA OS ESTUDOS DE FILOLOXÍA HISPÁNICA NA UNIVERSIDADE DE VIGO, O QUE LLE PERMITIRÁ, ANOS DESPOIS, EXERCER COMO PROFESORA EN DIFERENTES INSTITUTOS. O SEU PRIMEIRO DESTINO SERÁ NO IES TERRA DE XALLAS, EN SANTA COMBA (A CORUÑA).

XELA ARIAS CASTAÑO


14

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



EN OUTUBRO DE 1994 NACE DARÍO, QUE SERÁ O ÚNICO FILLO DE XELA E DO FOTÓGRAFO XULIO XIL RODRÍGUEZ CO QUE CASARA EN XULLO DE 1992.
A DARÍO DEDICARALLE O SEU LIBRO DE POEMAS *DARÍO A DIARIO*.

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com




O 20 DE XANEIRO DE 1995 CONSEGUE, POR DECISIÓN DO XULGADO DE 1º INSTANCIA DE SARRIA, O CAMBIO OFICIAL DO SEU NOME EN GALEGO, M^a DOS ANXOS, POLO QUE REALMENTE ERA COÑECIDA, XELA. REMATOU ASÍ UNHA LOITA XUDICIAL DE DEZ ANOS POR RECUPERAR O SEU NOME.



DARÍO A DIARIO

Todos os bebés son *tu* e ningún coma ti.
Todos os nenos son *tu* e ningún coma ti.
Todos os adolescentes son *tu* e ningún coma ti.
Todos os mozos son *tu* e ningún coma ti.
Todos os anciáns son *tu* e ningún coma ti.
Todas as nais son eu e todas, coma min, saben que es único.




DARÍO A DIARIO PUBLICOUSE NO ANO 1996 EN EDICIÓNS XERAIS, CON VERSOS DEDICADOS AO SEU FILLO DARÍO. ERA O TERCEIRO LIBRO DA AUTORA. NA FOTO DA PORTADA, REALIZADA POR XULIO XIL, PAI DO NENO, APARECE O PROPIO DARÍO NO MOMENTO DE NACER.

XELA ARIAS CASTAÑO

17


GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



EN 1999 COMEZA A TRABALLAR COMO PROFESORA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA NO IES TERRA DE XALLAS, EN SANTA COMBA, A CORUÑA. NOS ANOS POSTERIORES PERCORRERÁ OUTROS CENTROS E REMATARÁ A SÚA CARREIRA PROFESIONAL NO IES ÁLVARO CUNQUEIRO DE VIGO.

XELA ARIAS CASTAÑO




GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



XELA FALECEU EN VIGO O 1 DE NOVEMBRO DE 2003, AOS 42 ANOS, DESPOIS DUNHA VIDA INTENSA DEDICADA Á POESÍA, Á TRADUCIÓN, A GALICIA, AO SEU IDIOMA E Á SÚA CULTURA.

18

XELA ARIAS CASTAÑO



DÍA DAS LETRAS GALEGAS, 17 DE MAIO DE 2021